

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION ORDINARIA DO 29 DE OUTUBRO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e nove de outubro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández,

Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días señoras e señores concelleiros. Procedemos a iniciar o Pleno de sesión ordinaria convocado por orde do día de data 25 de outubro que obra en poder dos señores e señores concelleiros. Constátase quórum, ábrese sesión pública e procedemos coa orde do día.

0.- PETICIÓN DE INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DA CIG SERVICIOS VIGO, EN RELACIÓN COA PROBLEMÁTICA DOS TRABALLADORES DA EMPRESA V2 NO IMD. EXPTE. 548/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada do Rexistro do Pleno do 24 de outubro, expte. 548/1101, D^a María do Tránsito Fernández, como secretaria comarcal de CIG Servizos Vigo, presenta solicitude de intervir perante o Pleno da Corporación en relación coa problemática dos traballadores/as da empresa auxiliar V2 no Instituto Municipal dos Deportes.

A PRESIDENCIA: Iniciamos a sesión cunha petición de comparecencia perante o Pleno enviada por dona María do Tránsito Fernández, secretaria comarcal da CIG Servizos Vigo, co obxecto de intervir para expoñer a problemática dos traballadores e traballadoras da empresa auxiliar V2 do IMD. Ten a palabra a Sra. Fernández por un tempo de cinco minutos.

INTERVENCIÓN DE D^a MARÍA DO TRÁNSITO FERNÁNDEZ: Agradecemos á Corporación Municipal que nos permita expoñer o tema que traemos a este Pleno.

Agradecemos tamén que fose tan rápido porque coido que é bo para todas as partes e me gustaría dar unhas breves pinceladas sobre cal é motivo da petición para intervir neste Pleno.

Trátase da contrata que mantíña os servizos auxiliares no IMD, V2 e PILSA. Esta empresa ten traballadores na contrata dende o ano 2002 e por diversas circunstancias elimínase o servizo da citada contrata tendo os traballadores que estar nestes momentos sen facer esa prestación de traballo.

A partir dese momento se interpoñen distintas demandas das que na última presentada é clara a sentenza do Xulgado número 2 dos de Vigo que di que se fixo unha clara cesión ilegal de traballadores deste servizo, o que obriga en certo modo a que os traballadores que estaban nesa contrata se incorporen ao IMD.

Queremos matizar que os traballadores están en terra de ninguén, non están despedidos, nin tan sequera están cobrando a prestación de desemprego, polo cal están nunha situación do máis irregular.

Preocúpanos a situación dado que é un colectivo que ata escasamente un mes eran doce e por desgracia no camiño un dos compañeiro faleceu sen tan sequera saber que se gañara esta sentenza. Dende aquí lembrámolo e lembrarémolo sempre porque se lle bota en falta.

Os compañeiros que traballan no IMD comentan a esta central sindical que eu represento que necesitan a estes traballadores no centro para poder abrir diferentes servizos. Nestes momento e no que vai de hoxe a dentro de tres anos vanse xubilar polo menos catro persoas traballadores do IMD. Se a isto engadimos a imposibilidade que hai a través da administración central de facer máis concursos públicos, vémonos nun detrimento considerable do número de traballadores do IMD, sobre todo para o deporte vigués que tanto queremos e desexamos que estea en auxe.

Como dicía antes, estes traballadores están en terra de ninguén polo que nós, e agora quero dirixirme ao Sr. Alcalde a quen lle reitero o noso agradecemento por deixarnos intervir no Pleno, queremos que se cumpra esta sentenza. Xa sabemos que hai voces que nos din que os traballadores van entrar pola porta de atrás e non queremos que sexa dese xeito. Queremos que os traballadores segan traballando como interinos ou como sexa, transitoriamente ata que saia o recurso do Tribunal Superior de Xustiza. Logo, cando ese recurso diga que ben os traballadores ou ben

o Concello tiñan razón, se teña pensado abrir un concurso onde esas prazas evidentemente saian públicas e que cada un de nós poidamos participar nelas, pero que tamén se lles dea opción a estes once traballadores a poder cubrir esas prazas. Logo, como pasa na administración pública, quen aprrobe quedará no posto de traballo e quen non aprrobe non se quedaría.

Insistimos en que isto se pode facer, non é a primeira vez que se fai nun concello, xa se fixo noutros concellos que están cerca da comarca de Vigo. Concretamente en Redondela pasou algo parecido e durante un tempo o concello estivo pagando os salarios aos traballadores e logo, cando se solucionou o problema, volveron á súa vida normal, en concreto con outra contrata.

Sr. Alcalde, xa que vostede e máis nós o outro día estabamos moi contentos porque na cidade de Vigo tivemos maioría de voto de esquerda, o que lle pido é que por favor respecte ese voto de esquerda, respecte que a maioría dos traballadores queren continuar nos postos de traballo, que estamos moi fartos e fartas de tanto paro, de tantos desafiuzamentos e de tantos suicidios que se están provocando por culpa desta situación, e que non deixemos que once traballadores e traballadoras estean na rúa e cheguen ter unha situación moi indigna.

SR. ALONSO PÉREZ: Coido que nin sequera son necesarios os tres minutos para aclarar o que para o BNG é crave. En primeiro lugar pensamos que o goberno debera ter en conta que nos pavillóns hai necesidades e que hai necesidades de persoal. Esta é unha cuestión que está constatada e polo tanto se debera ter en conta.

Logo que tamén hai unha sentenza e se temos unha situación de desemprego, como temos, e, como saben o Sr. Alcalde e a Corporación, o BNG nos orzamentos do ano pasado unha das condicións que puxemos para os aprobar foi a creación de emprego, pensamos que é de xustiza solucionar os problemas destes traballadores, sempre de acordo coa lei pero entendendo que hai necesidades que cubrir e polo tanto é fácil casar as necesidades coa situación que temos. O único que fai falta é diálogo.

A proposta do BNG é que se solucione o problema de acordo coa Lei, que se dea unha saída dialogada e que, tan pronto esa saída estea enriba da mesa, se nos traslade á Xunta Reitora do IMD. Esa é a posición do BNG que esperamos que este

problema se resolva cando antes.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Penso que todos vostedes e máis toda a cidadanía sabe do que estamos a falar e do que vai este asunto. O Instituto Municipal dos Deportes é un organismo público ao servizo do deporte. O IMD ten un orzamento de 7.900.000€, o máis elevado ao longo da súa historia, e nel se dan cabida a dous millóns de usos deportivos ao ano. Nel participan as 300 entidades deportivas que ten a nosa cidade. Nel se desenvolve o programa municipal de escolas deportivas con 4.200 nenos e nenas e se desenvolven as competicións, ligas e campionatos dos nosos clubs de elite e de base.

O Instituto Municipal de Deportes é un organismo que se debe rexer sempre polo respecto ao dereito laboral e fundamentalmente polo respecto ao dereito administrativo que rexe nas administracións públicas e todos debemos garantir a súa eficacia, a eficiencia, a transparencia e o seu funcionamento e xestión.

As necesidades e recursos humanos do IMD non veñen establecidos por ningún decreto, veñen establecidos en función das necesidades que o mundo do deporte precisa e a iso debemos adicar os nosos recursos, os nosos cartos públicos, en ben do deporte e da cidadanía.

O IMD non é un couto privado de ninguén e lémbrollo a vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego, e a vostedes, señores do Partido Popular, que dende o ano 1995 veñen xestionando o Instituto Municipal de Deportes. Este grupo, este concelleiro e este goberno levan dende xullo de 2011 ao fronte de Deportes. Estes antecedentes xestionáronse por outros grupos e non polo goberno nin polo grupo actual.

Repito que o IMD non é couto privado de ninguén, é un servizo municipal ao servizo do deporte das viguesas e vigueses, onde cada quen ten que asumir as súas funcións. A capacidade de decisión é da Xunta Reitora; dirixir e xestionar do equipo directivo; a execución da xestión diaria e cotián do conxunto é de cada un dos seus empregados, facendo cada quen o que ten que facer. É un organismo público e non un couto privado de ninguén.

Neste intre se produce unha breve interrupción da sesión por berros proferidos por parte do público presente no salón de Plenos.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que este tema está bastante claro. Sr. Fernández, responsable de Deportes, é certo que o IMD ten unha serie de necesidades que veñen da demanda que presenta o deporte na nosa cidade. Vostede sabe perfectamente que hai moitos pavillóns que están desatendidos por falta de persoal, que hai unha demanda nesta cidade importante no mundo do deporte e que o IMD sempre tentou dar cobertura, tanto aos clubs deportivos coma ás actividades que se realizan ao longo do ano, xeradas en primeiro lugar pola iniciativa da sociedade pero tamén porque hai clubs, entidades, federacións que fan actividades durante todo o ano.

No IMD se contrataron unha serie de persoas porque tiña necesidades de persoal; esas persoas fixeron un magnífico traballo ao longo destes últimos anos, presentaron unha serie de recursos que gañaron, hai unhas sentenzas e eu coido que é moi sinxelo: que se cumpra a sentenza e punto. Está perfectamente claro que eses traballadores teñen uns dereitos adquiridos, gañados a través dunhas demandas, hai unha sentenza e coido que hai que cumprir a Lei. Dende o noso grupo o que imos facer é instar que se cumpra coa sentenza.

A partir daí paréceme moi ben que se fagan as políticas que se queira, que vostedes fagan as iniciativas, as propostas, os programas, lóxicamente todo adaptado ás demandas que presente o deporte da nosa cidade. Coido que este é un tema moi concreto e moi puntual e dende o noso grupo xa lles dixemos aos propios traballadores, vimos manifestándoo publicamente, que o que cremos que hai que facer en primeira instancia é cumprir a sentenza e a partir daí vostedes, como goberno, fagan as propostas que consideren oportunas para cumprir coas actividades e as demandas que presenta o deporte da nosa cidade.

Polo tanto: cumprimento da sentenza inmediatamente.

PARTE RESOLUTIVA

1.-(213) ACTAS ANTERIORES. (SS. ORDS. 10 E 24.09.12 E EXT. 24.09.12)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite

que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno correspondentes ás sesións ordinarias dos días 10 e 24 de setembro e extraordinaria do día 24 de setembro de 2012.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se formularon.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.- (214) AUTORIZACIÓN DE INCREMENTO DA CONTÍA MÁXIMA CONTEMPLADA NA APLICACIÓN ORZAMENTARIA 922.01500000 DOS VIXENTES ORZAMENTOS (PRODUTIVIDADE). EXPTE. 23520/220 (549/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 8 de outubro de 2012, a técnica de Avaliación e Formación de RR HH, coa conformidade da xefa do servizo e máis dos concelleiros-delegados de Xestión Municipal e de Economía e Facenda, emite o seguinte informe:

“O Pleno do Excmo Concello de Vigo, na sesión realizada o 4 de xuño de 2012, aprobou con carácter definitivo o orzamento xeral do Concello e os seus organismos autónomos administrativos (Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo), publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 113, do 13 de xuño de 2012.

O crédito inicial contemplado no documento dos orzamentos e aprobado para a partida orzamentaria 922.0.150.00.00 -produtividade- era de 400.000,00€, tendo sido realizadas modificacións de crédito nº 48.12 e nº 61.12 por importe total de 199.294,19€, habéndose realizado pagos por importe de 432.486,37€ correspondentes ás nóminas de xaneiro a setembro, en aplicación dos supostos previstos nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á Relación de Postos de Traballo (RPT) municipal.

Vista a instrución do servizo dada polo Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 4/10/2012, e aos estritos efectos de afrontar as obrigas económicas contempladas nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal anexas á relación de postos de traballo vixente, así como as eventuais resolucións xudiciais firmes con pronunciamentos de contido económico susceptibles de ser imputadas á indicada partida 92201500000, por este servizo

xestor estímase que resulta necesario o incremento da dotación existente na actualidade na devandita partida.

As Bases de execución dos orzamentos municipais para o exercicio económico 2012, aprobadas na mesma sesión do Pleno antes citada, recollen na súa disposición adicional sétima a previsión seguinte:

“Contía máxima para o ano 2011 a distribuír polos complementos de produtividade, gratificacións e horas extraordinarias: “Ao obxecto de dar cumprimento o regulamentado nos artigos 5 e 6 do Real decreto 861/1986, de 25 de abril e facelo executable co previsto no artigo 127.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, os complementos máximos polos conceptos de gratificacións e produtividade para o ano 2011 serán os seguintes: O complemento de produtividade e o seu equivalente para o persoal laboral non superará a contía de 0,7 millóns de euros, o de gratificacións e horas extraordinarias para o persoal laboral os 3 millóns de euros, ámbolos dous límites deben estar dentro das porcentaxes que fixa o artigo 7 do Real decreto 861/1986, do 30 e 10 por 100 respectivamente da masa salarial. Ata acadar a devandita contía, o órgano competente poderá incoar as modificacións orzamentarias necesarias dentro do Capítulo I dos orzamentos, tendo en conta os postos dotados e os efectivos cubertos, sen que en ningún caso o gasto do Capítulo I do estado de gastos do orzamento poida experimentar incremento como consecuencia das devanditas modificacións orzamentarias. No caso de precisar un incremento destes importes, deberá ser o Pleno da Corporación quen autorice aumentar estes complementos”.

Dada a complexidade da planificación dos gastos imputables á partida orzamentaria 1500000 e as limitacións contidas nas Bases de execución do orzamento, ven sendo necesario a solicitude ao Pleno do Concello de autorización da partida global destinada ao aboamento de complementos de produtividade (acordos plenarios de data 29 de novembro de 2010, 31 de outubro de 2011, entre outros)

Dito incremento poderá financiarse e realizarse con cargo aos créditos non consumidos ata a data das prazas e postos de traballo asociados ás mesmas que se atopan vacantes e partidas orzamentarias correspondentes, así como outros créditos non consumidos e existentes dentro do Capítulo I de gastos do vixente orzamento.

O máximo de gasto imputable á dita partida non poderá superar a cantidade de 1.170.157,94€, en aplicación do acordo da Xunta de Goberno local de data 9 de marzo de 2012 (expediente administrativo nº 22902/220) adoptado en execución das previsións do contido no Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro; acordo no que se establece que:

“Durante o exercicio 2012, o gasto total en concepto de gratificacións deberá reducirse nun 20% con respecto ao gasto total efectuado no exercicio 2011, establecéndose igualmente unha redución durante o 2012 do 10% no gasto total en concepto de produtividade e incentivos ao rendemento con respecto ao gasto total realizado no exercicio 2011”.

Dada a insuficiencia de crédito existente na partida 922.0.150.00.00 para facer fronte aos gastos en concepto de produtividade anteriormente citados e previo o preceptivo informe de fiscalización que sexa emitido pola Intervención Xeral Municipal, nos termos do contemplado no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como o ditame da comisión informativa de Asuntos Xerais...”

Polo anteriormente exposto a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral e máis o técnico de Intervención, con data 19 de outubro de 2012, informan favorablemente o presente asunto.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 22 de outubro, ditamina favorablemente a proposta.

(Na votación está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar o incremento da contía máxima asignada á partida orzamentaria 922.0.150.00.00 “Produtividade”, establecendo a mesma no importe de 1.170.157,94 €, financiando dito incremento con cargo aos créditos non consumidos correspondentes ás dotacións económicas asignadas a prazas vacantes de persoal e postos de traballo asociados e outros créditos non consumidos no Capítulo I do orzamento de gastos, coa finalidade de dispoñer de cobertura orzamentaria suficiente e necesaria para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da aplicación dos supostos previstos nas vixentes Instrucións

sobre plantilla e cadro de persoal anexas á vixente Relación de postos de traballo (RPT) municipal, publicadas no BOP nº 220, do luns 16 de novembro de 2010, seguindo idéntica liña de execución orzamentaria que nos últimos exercicios económicos.

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á materialización das correspondentes transferencias de crédito á partida 922.0.150000 con cargo aos créditos non consumidos, correspondentes ás vacantes de persoal existentes, ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposición adicional sétima das bases de execución dos orzamentos municipais para o presente exercicio económico 2012.

Terceiro.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións recollidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

3.2.- (215) DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE 2012. EXPTE. 102033/140 (535/1101)

ANTECEDENTES.- O interventor xeral municipal, por escrito de data 5 de outubro de 2012, informa do que segue:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, Regra 105 da ORDEN EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de execución orzamentaria para o ano 2012, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao terceiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables ata o 30 de setembro de 2012.

A información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, nos que se reflicte a situación inicial, cobros e pagos así como a situación final.

En canto aos estados consolidados, a información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. As institucións consolidadas son: A entidade local, o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias VigoZoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Achégase igualmente un estado consolidado relativo á recadación e pagos tanto de orzamento corrente como de pechados.”

No expediente figuran vinte e un cadros contables debidamente numerados e dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: Sorpréndenos bastante que non fale o goberno neste punto porque habería moito que falar da liquidación do terceiro trimestre de 2012. Igual é unha estratexia da Sra. Díaz para ter unha quenda de réplica engadida. Non hai problema.

A PRESIDENCIA: O goberno elixirá o momento no que falará.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Díaz, imos mal, xa llo advertimos na liquidación do segundo trimestre pero vostedes seguen presumindo de moito control sobre as

contas cando deberían ter máis rigor. Non deberían sacar peito porque a realidade é que en primeiro lugar a débeda non deixa de medrar. Segundo, os aforros non deixan de diminuír e terceiro os impostos municipais non paran de subir. En resume, con vostedes no goberno cada ano imos a peor.

A débeda. Todo o mundo sabe que cando o partido Popular gobernou a cidade a débeda baixou de 108 millóns a 47 e vostedes con 83 millóns de endebedamento seguen a pedir prestado. Acaban de aprobar a sinatura dun préstamo de 9,7 millóns, así que non é de estrañar que o capítulo de gastos que máis sobe nesta execución sexa o dos intereses da débeda: 208.000 euros no ano 2011 contra 800.000 euros este ano.

Os aforros. Sra. Díaz, fundíronse trinta e dous millóns e medio de euros de aforros dos vigueses no que vai de ano, o 41% da Tesourería.

Os impostos. Todo o mundo sabe que pagamos os impostos máis caros de Galicia. Comprobamos a semana pasada que dende que Caballero é alcalde subíronnos un 15% os impostos.

Entrando máis en detalle no que é a execución do terceiro trimestre, sinalar que pola parte de gastos está a rematar o ano e o nivel de execución do gasto é un pobre 55,64%, catro puntos peor que o ano pasado. A razón de que vaia a peor a execución do orzamento é que no capítulo de investimentos pasaron do 56% o ano pasado ata só un 40% polo de agora.

Isto é consecuencia de aprobar un orzamento tarde e mal, no mes de xuño, porque vostedes non gañaron as eleccións, non teñen os votos suficientes e están a gobernar en minoría co apoio do Bloque Nacionalista Galego. En resume, os vigueses pagan máis e reciben menos do orzamento municipal ano tras ano.

Por outra banda chámanos a atención que cada ano paguen vostedes peor. A porcentaxe do pagado sobre as obrigas recoñecidas tamén diminúe con respecto ao mesmo período do ano pasado, sobre todo no capítulo de investimentos que é de 14 puntos máis baixo, do 99% ao 85%. Estes son datos que trae vostede na execución, Sra. Díaz.

Pero o máis interesante da execución segue a estar no lado dos ingresos. A pesar de que no ano 2012 temos un orzamento máis modesto que no ano 2011, chama a atención que a recadación aumentase un 9%, pasando de 85 millóns en 2011 a 92 millóns en 2012. A recadación aumenta porque Caballero sobe os impostos todos

os anos e porque machuca aos vigueses a multas de tráfico: 45 millóns de euros dende que é alcalde.

É moi curioso que no capítulo onde se computan as multas se aumentase a recadación un 38%, 4,5 millóns de euros máis que o ano pasado, de 11,8 a 16,3 millóns.

Vostedes alardean dunha excelente situación económica e xa lle dixen no anterior Pleno: gobernar non é gastar, gobernar é administrar.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Tres minutos para contestar ás tres mentiras do Partido Popular. É falso que este Concello sexa o concello máis endebedado, dio o propio Ministerio de Economía e Facenda. A Sra. Porro tiña unha débeda do 47% e este Concello tena do 25,8% e a Deputación tena dun 83,82%, por riba do límite legal. Polo tanto o Ministerio de Economía e Facenda demostra que Vigo é a cidade menos endebedada de España. Xa lles gustaría a vostedes que estivese a Xunta menos endebedada. A Xunta duplicou a débeda dende que está o Sr. Feijóo nun 50%. Pasou dos 3.700 aos 7.600, máis que o dobre.

Aprendan nas súas administracións, aprenda a xestionar o Partido Popular porque a realidade é que este goberno reduciu á metade a débeda da Sra. Porro mentres que vostedes no período que gobernaron duplicárona.

Con respecto aos impostos exactamente igual: o que di o Ministerio de Economía e Facenda. Vigo é unha das cidades con menor carga fiscal, tanto a nivel de Galicia como de España. En Madrid, onde por certo gobernan vostedes, pagan o dobre de impostos do que paga un vigués.

Acabamos de ver como mentres vostedes piden aquí a conxelación da tarifa da auga, na Coruña, onde gobernan vostedes, subírona cinco veces, un 460%, multiplicaron por cinco a taxa da auga.

A terceira mentira son os pagamentos. Quen paga en 70 días é a Deputación, quen agocha facturas dun ano para outro é a Xunta de Galicia. Ven agora o Partido falando de xestión cando é o partido que duplica a débeda, duplica os impostos e non paga facturas. Hoxe espertamos coñecendo coma a uns veciños de Navia a quen se lles prometera unha subvención por parte da Xunta, xusto o día despois das eleccións autonómicas reciben unha carta na que lles din que non lles van pagar esa subvención. Así é como goberno a Xunta e o Partido Popular.

Mentres tanto e polo camiño limitaron as bolsas aos comedores escolares da cidade de Vigo, quitáronlles 200.000 euros para que os noso nenos poidan comer. Iso é xestión? Non, xestión é o que facemos aquí, xestión é ter 250 millóns de presuposto onde destinamos á Federación de Padres para os comedores o dobre do que vostedes destinaban; onde reducimos a débeda á metade; onde diminuímos a carga fiscal, onde por suposto os cidadáns de Vigo están moito mellor que os doutras provincias.

A proba foron precisamente estas eleccións onde o Partido Popular en Vigo tivo o peor resultado da historia nesta cidade.

Durante as intervencións do Sr. Fidalgo Iglesias e da Sra. Díaz Vázquez producíronse varias alteracións da orde no salón de Plenos por berros e intervencións dun grupo de persoas presentes.

A Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do contido do presente expediente.

3.3.- (216) APROBACIÓN DA SOLICITUDE DO CEIP “CANICOUVA” DE CAMBIO DE NOME POLO DE CEIP “CASTRELOS”. EXPTE. 14130/332 (534/1101)

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS.- Vimos a solicitude que fan dende o centro Canicouva e queremos facer unha nova proposta porque nos preocupa que desapareza da denominación do centro o topónimo “Canicouva”. Este topónimo está xa documentado dende o século XIII, é escaso e raro e consérvase nada máis que en tres lugares de todo o noso país. É un lugar da parroquia de Castrelos, tamén hai outra parroquia en Pontevedra e outra en Vedra. Un caso ben distinto é a súa variante “Castrelos” que é un topónimo que ven fixado na toponimia do país.

A UNESCO recomenda recuperar as denominacións propias que se poidan perder ou as xa perdidas, como sería este caso en que se podería perder por ser pouco habitual. De feito no Concello de Vigo tomouse un acordo plenario o 25 de outubro de 2004 para recuperar a microtoponimia e en coherencia con iso dende este Concello estase a traballar na recuperación desa microtoponimia.

Por iso entendemos que realmente non nos podemos permitir perder un recurso de fixación dun topónimo coma é a denominación neste caso dun centro escolar público “Canicouva-Pereiró”, que é así como figura na guía.

Nese sentido tamén nos gustaría lamentar que non se lle consultase ao servizo de normalización lingüística esta solicitude, que non se lle pedise un informe como se adoita pedir cada vez que se propón unha denominación dun centro público, unha rúa, etc.

Por outra banda a proposta que se fai dende o centro de sinxelamente denominalo CEIP Castrelos, parécenos que podería ser inxusta con respecto a outros centros escolares que se puidesen situar na mesma parroquia porque calquera deles podería demandar a mesma denominación. Entendemos ademais que as denominacións dos centros en xeral non teñen coma obxectivo fundamental referirse á súa situación xeográfica, aínda que si compartimos o argumento que dan dende o centro de estreitar a relación do centro coa parroquia na que está situado.

Por iso queremos propoñer, seguindo as denominacións que se lle aplican a outros centros escolares doutras parroquias da cidade, como por exemplo Valladares ou Bembrive onde nos podemos atopar distintos centros escolares que levan o nome da parroquia engadido, por exemplo Chans-Bembrive ou o CEIP Mosteiro-Bembrive, que o CEIP Canicouva-Pereiró pase denominarse Canicouva-Castrelos. Deste xeito recolleríase a proposta que fan dende o centro de que Castrelos figure no seu nome, o que tamén axudaría a atender a demanda de que sexa máis transparente a situación xeográfica do centro ao lle engadir Castrelos ao seu nome, e ao mesmo tempo tamén manteríamos o topónimo Canicouva que como dicía ao principio é un topónimo pouco fixado e que non nos podemos permitir perder un recurso de fixación coma é a denominación dun centro.

En coherencia co que se fai noutras parroquias como Valladares o Bembrive, facemos esta proposta: que no canto de denominarse “CEIP Canicouva-Pereiró”, sexa “CEIP Canicouva-Castrelos.

SRA. CENDÓN ALONSO: Realmente este tema pensamos que non é urxente como para ter que o decidir neste momento. Dado que hai unha comisión de Normalización, propoñemos que se leve a esa comisión porque nos parece bastante

acertado que a denominación poida ser Canicouva-Castrelos.

A PRESIDENCIA: Se hai acordo de grupos propoñemos que volva á comisión de denominación porque pasou por esa comisión sen que se fixera ningunha observación e por tanto seguindo todos os trámites de denominación. Temos o certificado do secretario da comisión informativa; pola comisión de Normalización non é obrigado que pase.

Como consecuencia devolvemos o expediente á comisión de denominacións e farase o que a comisión decida. Pero de se ter proposto xa tivera ido a Normalización e por tanto non estaría aquí.

Se hai acordo entre os grupos retírase da orde do día, volve á comisión de denominacións e iníciase o proceso.

Queda retirado da orde do día o punto 3.3, aos efectos de retomar a súa denominación.

Por acordo de todos os grupos municipais, a Alcaldía-Presidencia retira o presente expediente da orde do día para que polo departamento de Cultura se proceda á súa tramitación.

3.4.- (217) RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL NO RAMAL 3 DA RÚA PAZÓ NA PARROQUIA DE CASTRELOS. PROPOSTA DESESTIMATORIA. EXPTE. 19276/240 /479/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 10 de outubro e coa conformidade da concelleira delegada de Patrimonio, o xefe do Servizo de Patrimonio emite o seguinte informe:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas

(LPAP).

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes na materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.- Polo acordo do Pleno Municipal na sesión do 25 de xuño do 2012 resolveuse aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, o ramal 3 da rúa Pazo, na parroquia de Castrelos do termo municipal de Vigo, e someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

2º.- Acordo notificado aos interesados no expediente e sometido polo prazo regulamentario a información pública mediante edito publicado no BOP Nº 146 do 31 de xullo do 2012.

3º.- Segundo certificación da secretaria de goberno local na data 30.11.2011, durante o prazo de exposición pública do expediente presentouse reclamación por D. Daniel Vázquez Hermida. O reclamante no seu escrito de data 30.07.12 manifesta o seu desacordo coa rectificación inventarial acordada, ao considerar que é un camiño público por se tratar dun camiño de paso segundo escritura do ano 1987.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- As alegacións formuladas por D. Daniel Vázquez Hermida ao acordo do Pleno municipal do 25.06.2012 de aprobación inicial da rectificación do IMBD dando de baixa como vía pública ao ramal 3 da rúa Pazo, na parroquia de Castrelos, carecen da motivación necesaria para poder desvirtuar os fundamentos xurídicos que xustifican o acordo adoptado, limitándose a manifestar o feito da previa constancia no IMBD dese ramal como público e a súa condición de camiño de paso.

O Inventario municipal, como documento administrativo onde se reflicten e rexistran os bens e dereitos das entidades locais, ao que están obrigadas estas á súa formación, de acordo coa normativa vixente (art. 17 do RBEL), é un documento suxeito a unha continúa mutación co fin de adecuar os seus rexistros á realidade e actualizándoos coas novas incorporacións e baixas orixinadas na xestión do patrimonio municipal e que da actividade administrativa teñan acontecidas.

Consoante a estes principios verificadorios e rectificatorios, de ser o caso, acometeuse a tramitación do presente expediente e trala súa instrución da que

resultou a incorrección dos datos do Inventario municipal referente a dito ramal -de acordo cos informes e documentación achegada ao expediente- deu lugar á adopción do acordo plenario polo que en base aos feitos e fundamentos de dereitos que constan no mesmo, resolveuse aprobando inicialmente a rectificación do IMBD dando de baixa dito ramal 3 rúa Pazó ao non reunir a condición de camiño de uso público.

Así mesmo, a consideración de dito camiño como un camiño de paso manifestado polo interesado, non lle outorga a condición de público, polo contrario, no presente caso o documento público do ano 1987 ao que fai referencia o alegante, reflicte a constitución dun camiño de servidume co que quedaría gravada a propiedade da sociedade Coperma, SA, a favor doutras fincas, polo tanto de titularidade privada.

2º.- A teor do exposto, procede a desestimación das alegacións formuladas por D. Daniel Vázquez Hermida ao acordo rectificatorio do IMBD adoptado, e conseguintemente aprobar definitivamente a baixa no inventario como vía pública municipal do Ramal 3 da rúa Pazó na parroquia de Castrelos.

3º.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 22 de outubro, ditaminou favorablemente a citada proposta.

(Está ausente na votación a concelleira do Grupo Socialista Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar as alegacións formuladas por D. Daniel Vázquez Hermida contra o acordo do Pleno municipal do 25 de xuño de 2012, da aprobación inicial da rectificación do IMBD do Ramal 3 da rúa Pazó, na parroquia de Castrelos.

Segundo.- Aprobar a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición e grafía (folla 16-30) como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías do Ramal 3 da rúa Pazó na parroquia de Castrelos.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Xerencia Municipal de Urbanismo, Servizo de Vías e obras e demais servizos municipais que corresponda.

3.5.- (218) APROBACIÓN INICIAL DO INVENTARIO DE BENS INTEGRANTES DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO (PMS). EXPTE. 36/433 (544/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 25 de setembro de 2012, a xefa do servizo de Vivenda e PMS da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade da xerente municipal de Urbanismo emite o seguinte informe:

“A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), na súa redacción da Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, dispón no seu artigo 174.1 que os concellos haberán de constituír o patrimonio municipal do solo coa finalidade de obter reservas de solo para actuacións de iniciativa pública, facilitar a execución da ordenación territorial e urbanística e contribuír á regulamentación do mercado de terreos destinados ao desenvolvemento urbanístico. Segundo o establecido no seu artigo 176.1 os bens do patrimonio municipal do solo constitúen un patrimonio diferenciado dos restantes bens municipais e os ingresos obtidos mediante a alleamento de parcelas, ou do aproveitamento que corresponda a terreos de titularidade municipal, destinaranse aos fins previstos no artigo 177 da presente Lei.

En cumprimento do exposto, o Concello-Pleno de Vigo, na súa sesión do 28.07.2008, acordou entender por constituído formalmente o Patrimonio Municipal de Solo (en diante, PMS), ao abeiro da devandita lexislación.

Os artigos segundo e vixésimo da modificación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo para a súa adaptación á lexislación vixente aprobada polo Concello-Pleno de Vigo o 06.09.2010 (BOP 06.10.2010) atribúe á Xerencia Municipal de Urbanismo a xestión do patrimonio municipal do solo, ostentando a titularidade fiduciaria con pleno poder dispositivo sobre os bens que o integran, correspondendo a titularidade dominical ao Concello.

O Consello da Xerencia municipal de urbanismo, na súa sesión do 02.07.09, acordou tomar coñecemento dos criterios xerais para a xestión do patrimonio municipal do solo (expte. 7/433), indicando que o Concello de Vigo, a través da Xerencia municipal de urbanismo (XMU) veu facendo o mantemento e xestión de dito patrimonio, propoñendo actos de disposición de bens integrantes do mesmo e levando a cabo traballos iniciais de inventariado e actualización, que amosan a necesidade de sistematización, coordinación co Inventario Municipal de Bens, e creación dunha aplicación informática de seguimento e xestión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Bens integrantes do PMS:

Segundo o disposto no artigo 176.2 da LOUGA, integran o patrimonio municipal do solo os seguintes bens:

- a) Os bens patrimoniais que resultasen clasificados polo planeamento urbanístico como solo urbano ou urbanizable.
- b) Os terreos e as edificacións ou construcións obtidas en virtude das cesións correspondentes á participación da administración no aproveitamento urbanístico, así como as adquisicións de bens ou diñeiro obtidas con ocasión da xestión urbanística.
- c) Os terreos e as edificacións ou construcións adquiridos, en virtude de calquera título e en especial mediante expropiación, pola administración titular co fin da súa incorporación ao correspondente patrimonio de solo e os que o sexan como consecuencia do exercicio dos dereitos de tanteo e retracto previstos na Lei.
- d) Cesións en especie ou en metálico derivadas de deberes ou obrigas, legais ou voluntarias, asumidos en convenios, concursos públicos ou plasmadas en instrumentos de xestión urbanística.
- e) Os ingresos obtidos mediante alleamento de terreos incluídos nos patrimonios públicos de solo.

A xestión do PMS deberá ter o seu reflexo en contabilidade separada, que será obxecto de liquidación en cada exercicio.

II.- Aprobación do Inventario de bens integrantes do PMS:

O inventario de bens constitúe un instrumento de garantía do patrimonio das administracións públicas que debe servir para a súa conservación e defensa, facilitando ao mesmo tempo o exercicio de distintas potestades administrativas sobre os bens das administracións.

Respecto da natureza do inventario, a xurisprudencia tense pronunciado rotundamente respecto do carácter non constitutivo do mesmo. Neste senso, o Tribunal Supremo sinalou que o Inventario Municipal é un mero rexistro administrativo que, por si só, nin proba, nin crea, nin constitúe dereito algún a favor das Corporacións, sendo máis ben un libro que serve de recordatorio constante para que a Corporación exercite as facultades que lle correspondan (Sentenza de 9 de xuño de 1978).

O artigo 32 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), de carácter básico, establece a obriga de que as administracións públicas inventaríen os bens e dereitos que integren o seu patrimonio, facendo constar co detalle suficiente, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que estean sendo adicadas.

No eido da administración local, o artigo 86 do Real decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, recolle a devandita obriga e, en concreto, o artigo 278 da Lei 5/1997,

do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, sinala que as entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencan, así como tamén dos bens pertencentes aos organismos autónomos que dependan delas. Deste inventario remitirase copia ao órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma e rectificarse anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación.

O artigo 17.2 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de aprobación do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), engade que se formarán inventarios separados dos bens e dereitos pertencentes a entidades con personalidade propia e dependentes das corporacións locais.

O artigo 16 de dito Regulamento establece que o patrimonio municipal do solo se rexerá pola súa lexislación específica.

O artigo vixésimo, apartado terceiro da modificación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo para a súa adaptación á lexislación vixente, aprobada polo Concello-Pleno de Vigo o 06.09.2010 (BOP 06.10.2010) establece, en concreto, que a Xerencia realizará e manterá actualizado permanentemente un inventario dos elementos integrantes do seu patrimonio, no que se fará constar a súa natureza, situación xurídica, valoración actualizada anualmente e o destino. Engade o citado precepto que o referido inventario será remitido anualmente ao Concello para a súa integración no Inventario de Bens do Concello. Así mesmo, remitirase anualmente á Xunta de Goberno local un informe sobre os actos de disposición e administración dos bens integrantes do PMS.

O art. 34 do RB dispón que será o Pleno da Corporación local o órgano competente para acordar a aprobación do Inventario xa formado, a súa rectificación e comprobación. Para a adopción do devandito acordo requirirase a maioría simple consonte co disposto no artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

III.- Inscrición Rexistral:

O art. 36 de la LPAP (lexislación básica) dispón a obriga das administracións públicas de inscribir nos correspondentes rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio susceptibles de inscrición.

Conforme á lexislación de Réxime Local (artigo 279 LALGA e artigo 36 RB) os entes locais inscribirán no Rexistro da Propiedade os seus bens inmoables e dereitos reais, sendo título suficiente a certificación que con arranxo ao inventario aprobado pola respectiva corporación, expida o secretario, co visto e praxe do presidente da Corporación. Se non existise título inscribible de dominio estarase ao disposto nos artigos 206 da Lei hipotecaria e 303 a 307 do seu Regulamento.

IV.- Competencia:

Consonte co disposto na lexislación de réxime local e nos artigos 2.B), 10.1.j) e 20 da modificación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo para a súa

adaptación á lexislación vixente aprobada polo Concello-Pleno de Vigo o 06.09.2010 (BOP 06.10.2010) é competente para a aprobación do inventario do PMS o Concello-Pleno a proposta do Consello da Xerencia municipal de urbanismo”.

Visto o anterior, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do 28 de setembro, propón ao Pleno a adopción do acordo que figura na parte dispositiva.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Inventario dos bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo, cuxa relación se describe no Anexo I do presente acordo que figura no expediente debidamente dilixenciado pola Secretaría Xeral do Pleno.

Segundo.- Someter o presente acordo a información pública de conformidade co disposto no artigo 86 da LRX-PAC, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e anuncio no taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo e páxina web do Concello de Vigo, durante o prazo de vinte días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente na Xerencia municipal de Urbanismo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución ao Servizo de Patrimonio do Concello de Vigo e ao servizos centrais da Xerencia municipal de Urbanismo, para os efectos oportunos.

Cuarto.- Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade de todos aqueles bens que non se atopen inscritos.

Quinto.- Remitir copia á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma unha vez que o acordo sexa definitivo.

3.6.- (219) APROBACIÓN DE CAMBIO DE USO DA PARCELA SITA NA R/ FOTÓGRAFO
L. KSADO NO POLÍGONO III DO PERI II-12-A FLORIDA B, PARA
CONSTRUCCIÓN DE EQUIPAMENTO MUNICIPAL. EXPTE. 13924/411.
(536/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 1 de outubro de 2012, o técnico de administración xeral, coa conformidade da xefa de Planeamento e Xestión e máis da xerente municipal de Urbanismo emite o seguinte informe:

“1.- Por Decreto do alcalde-presidente do Concello de Vigo de 06.08.2012, delegáronse no concelleiro delegado de Fomento as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do asunto da Concellería de Participación Cidadá denominado “Proxecto do novo Centro Cívico A Miñoa”, por un importe dun millón de euros.

2.- O 20.08.2012, o concelleiro delegado da Área de Fomento, coa conformidade do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emitiu unha orde de servizo na que dispuxo que os Sres. Carvajal Rodríguez-Cadarso e Piñeiro Ferradás, arquitectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, iniciasen os traballos para a redacción do proxecto do novo Centro Cívico A Miñoa.

3.- O 26.09.2012 os arquitectos municipais emitiron informe de proposta de segregación e modificación de uso característico da parcela A-2 do «PERI II-12 A FLORIDA-B», na que se pretende construír o Centro Cívico A Miñoa (local para a AAVV Praza da Miñoa), ao que xuntan planos correspondentes ao estado actual da parcela e da segregación proposta.

4.- O 26.09.2012, dado que resulta preciso o cambio de uso dunha parte da parcela A-2 do «PERI II-12 A FLORIDA-B», a xerente de Urbanismo remitiu oficio á Área de Deportes, ao que xunta un levantamento topográfico das parcelas, solicitando a emisión de informe acreditativo de que *“[...] nesa parte da parcela que se pretende non se ven desenvolvendo ningunha actividade deportiva nin se prevé a súa necesidade para usos deportivos”*.

Na mesma data que a solicitude, o director deportivo do IMD, xefe da Unidade Técnico Deportiva, co conforme do concelleiro delegado de Deportes, emitiu informe no que se indica que:

“[...] Por parte da Concellería de Deportes non se ven desenvolvendo ningunha actividade de carácter deportivo na parcela de 1.645,00 m² (segundo plano adxunto -1-) e sobre a mesma non está prevista o desenvolvemento de ningún equipamento de uso deportivo. [...]”

5.- Consta no expediente informe de 26.09.2012 do xefe do Servizo de Patrimonio, sobre a situación patrimonial da parcela A-2 do «PERI II-12 FLORIDA-B», no que se indica que a mesma ten natureza xurídica demanial, e que non figura de alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, correspondéndolle o número

provisional 1679, coa seguinte descrición:

“Solo destinado a Equipamento Deportivo, situado na Parroquia de San Antonio da Florida, Termo municipal de Vigo, situado ó Noroeste do Polígono III do PERI II-12 A FLORIDA-B. Ten unha superficie de 2.673 m2. Lindeiros: Noroeste, en liña quebrada de 27 m2, máis 22,50 mts., máis 12,50 mts., máis 57,70 mts., superficie de cesión de edificacións existentes con fronte á Avda. de Castelao; Sueste, en liña quebrada de 21 mts., con área de uso público, máis 3, 50 mts., máis 28 mts., máis 42,50 mts., máis 8,50 mts., con beirarrúa en superficie obxecto de cesión das Parcelas nº 60-e) e 59, e 4,50 mts, con área de uso público; Nordeste, en liña de 10 mts., área en superficie de cesión para uso pública da Parcela nº 15-b); Sudoeste, en liña quebrada de 31 mts., con área de uso público, máis 26 mts., coa beirarrúa da rúa C-D”

Indica así mesmo que a parcela está inscrita no Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, finca nº 50793, folio 61, libro 652.

6.- O 01.10.2012 pasa o expediente a informe do técnico de administración xeral que subscribe.

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado* -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLR 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; *Diario Oficial de Galicia* -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 221, de 15.09.1978 (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Plan xeral de ordenación urbana de Vigo de 1993, aprobado definitivamente en Consello da Xunta de Galicia de 29 de abril de 2003; DOG n.º 87, de

- 10.05.1993. (PXOU 1993)
- Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)
 - Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE n.º 167, de 14.07.1998 (LXCA)
 - Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
 - Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)
 - Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)
 - Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF)
 - Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A.- Características da parcela municipal A-2 do «PERI II-12 A FLORIDA-B»

A parcela A-2 do «PERI II-12 A FLORIDA-B», de titularidade municipal, está situada na situada na rúa Fotógrafo Luís Ksado, e ten unha extensión de 2.673,00 m² (2.654,00 m², segundo nova medición en levantamento topográfico).

No vixente PXOM esta parcela, xunto coas linceiras, está clasificada como solo urbano consolidado dentro do «API-45 FLORIDA B» (correspondente ao «PERI II-12 FLORIDA- B»), con uso dotacional deportivo. A ordenanza de aplicación é a Ordenanza nº 13, “ÁREAS E EDIFICACIÓNS DOTACIONAIS”, e dentro desta ordenanza 13, o establecido nos apartados 9.13.33 e seguintes correspondentes ás condicións particulares do Uso: D.-Deportivo. Nas condicións particulares de uso, reguladas no artigo 9.13.34, non se contempla como uso compatible o Dotacional Socio-Cultural.

B.- Vixencia e modificación dos plans. Cambio de uso dotacional.

B.1.- Segundo dispón o art. 92.1, os plans de ordenación terán vixencia indefinida, sen prexuízo da súa modificación ou revisión; modificación que, en atención ao art. 94.1 da LOUGA, deberá fundamentarse en todo caso en razóns de interese público debidamente xustificadas.

Polo que respecta á súa tramitación, o art. 93.4 da LOUGA preceptúa que a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas se suxeitarán ás mesmas disposicións enunciadas

para a súa tramitación e aprobación.

B.2.- Porén, o art. 47.4 da LOUGA prevé que o concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso de terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e espazos libres públicos.

B.3.- O art. 5.5.4.3 da normativa urbanística do PXOM contempla unha previsión semellante á do art. 47.4 da LOUGA:

“A substitución de usos dotacionais, de acordo co artigo 47.4 da Lei 9/2002 deberá facerse polo Pleno do Concello por maioría absoluta legal, sen que dita substitución sexa considerada modificación do Plan Xeral de Ordenación.”

Esta norma do PXOM, a pesar da súa remisión expresa ao art. 47.4 da LOUGA, introduce dous matices ao disposto na referida norma, ao indicar que a maioría necesaria é a maioría absoluta “legal” (que cabe ser entendida como maioría absoluta do número legal de membros da corporación), e ao dispor que a substitución non será considerada como unha modificación do PXOM.

C.- Xustificación da necesidade do cambio de uso dotacional

Segundo se fixo constar nos antecedentes, o concelleiro delegado da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, por decreto do alcalde-presidente do 06.08.2012, ten delegadas de forma especial as atribucións precisas para o desenvolvemento do proxecto da Concellería de Participación Cidadá denominado “Proxecto do novo Centro Cívico A Miñoa. Importe 1.000.000 euros”.

En uso desas atribucións, o concelleiro delegado da Área de Fomento ditou unha orde de servizo o 20.08.2012 aos arquitectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. Carvajal Rodríguez-Cadarso e Piñeiro Ferradás, que por informe de 26.09.2012 indican que para o desenvolvemento do proxecto é necesario o cambio do uso característico deportivo dunha parte da parcela A-2 do «PERI II-12 A FLORIDA-B», de forma que unha parte da mesma (parcela resultante A-2-1), de 1.645,00 m², pase ter uso dotacional sociocultural, mantendo o uso deportivo os 1.009,00 m² restantes (parcela A-2-2).

Constan no expediente informes do Servizo de Patrimonio e da Área de Deportes, relativos respectivamente á situación patrimonial da parcela, e a que na parte da parcela na que se pretende construír o novo Centro Cívico “A Miñoa” non se ven desenvolvendo ningunha actividade deportiva nin está previsto o desenvolvemento de ningún equipamento de uso deportivo sobre a mesma.

O cambio de uso dotacional obxecto do presente expediente foi tramitado con audiencia das Concellerías implicadas (neste caso, a Concellería de Participación Cidadá e a Concellería de Deportes), tal e como ven sendo habitual no Concello de Vigo, polo que procede elevar a proposta que a seguir se dirá ao órgano competente para que se pronuncie sobre a súa aprobación.

3.- COMPETENCIA

Á vista do exposto, de considerar o Pleno da Corporación suficientemente xustificado o cambio de uso dotacional obxecto do presente expediente (art. 47.4 da LOUGA, en relación cos arts. 123.1.p. da LBRL e 64.2.ñ. e o. da LALGA), previo informe preceptivo da Secretaría Xeral (arts. 122.5 e 2 da LBRL, 54.1.b do TRRL, e 173.1.b. do ROF) e a fiscalización da Intervención (arts. 54.1.b. do TRRL e 173.1.b do ROF), e a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (arts. 2.4.A.2 e 10.1.j. dos Estatutos XMU), podería adoptar, coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, o acordo que a seguir se propón.”

Visto o anterior, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do 5 de outubro propón ao Pleno a aprobación da anterior proposta.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar, segundo o disposto no art. 47.4 da LOUGA, o cambio de uso dotacional de deportivo a sociocultural da parte da parcela municipal A-2 do «PERI II-12 A FLORIDA-B» denominada “A-2-1” no informe de 26.09.2012 dos arquitectos municipais Sres. Carvajal Rodríguez-Cadarso e Piñeiro Ferradás, mantendo o resto da parcela, denominada “A-2-2”, o uso deportivo.

Segundo.- Instar da Oficina de Patrimonio a rectificación da parcela A-2 do «PERI II-12 A FLORIDA-B», con número provisional 1679, que queda dividida nas parcelas A-2-1 e A-2-2, coas descrições que obran no informe dos arquitectos municipais anteriormente referido.

Terceiro.- Publicar este acordo no BOP e na páxina web do Concello e notificalo, para o seu coñecemento ás concellerías de Participación Cidadá e Deportes, así como ás xefaturas dos servizos municipais responsables de Participación Cidadá e Deportes, á Oficina de Obras e Proxectos Municipais e aos Servizos de Cartografía, Intervención urbanística e Información da Xerencia de Urbanismo.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, todos os membros da Corporación e máis todo o público presente no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (220) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A CREACIÓN DUN PLAN DE TRABALLO PARA ACOMETER O MANTEMENTO DOS VIAIS DA CIDADE. EXPTE. 537/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de outubro, número 537/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG D. Santiago Domínguez Olveira formula a seguinte moción:

“O goberno municipal ven de anunciar hai uns días o inicio de novas humanizacións en diversas rúas da nosa cidade. Como xa vimos dicindo desde o BNG, no momento de crise actual debemos priorizar aquelas cuestións que afectan ao benestar e á calidade de vida dos cidadáns. Mentres o goberno local segue empeñado en humanizacións que moitas veces son sinxelamente un mero lavado de cara, atopámonos con que nos últimos meses, e nos distintos encontros con colectivos veciñais que dende o BNG temos mantido, se poñen enriba da mesa innumerábeis queixas da falta de atención que o goberno municipal está mantendo sobre os nosos barrios e parroquias.

Viais internos dos barrios sen un mínimo mantemento, parques e xardíns das parroquias sen limpar e sen atender, zonas como o Casco Vello onde ten desaparecido a brigada de mantemento, lugares de encontro para os nosos maiores nos que podemos observar a degradación e deterioro do espazo (un exemplo claro está na Praza do Emigrante, ao inicio da avenida de Castelao), fochas en viais moi transitados nos distintos barrios, etc., son algunhas das queixas que os veciños e veciñas de Vigo nos trasladan.

Pensamos que se debe aproveitar o novo plan municipal de emprego, impulsado polo BNG, para acometer distintas actuacións tendentes a mellorar o mantemento

e o coidado dos nosos barrios e parroquias.

Por todo isto o BNG propón a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Instar ao goberno local a elaborar no prazo máximo dun mes un plan de traballo para acometer o mantemento e adecuación de viais dos nosos barrios e parroquias.
- 2.- Posta en marcha de novo da brigada de mantemento do Casco Vello para acometer aqueles traballos urxentes de mantemento e reparación.
- 3.- A creación dun equipo ou brigada permanente que rote polos distintos barrios e parroquias da cidade co fin de atender as primeiras necesidades de mantemento”.

A comisión informativa de Fomento na súa sesión do 22 de outubro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Esta moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego a este Pleno municipal ven motivada fundamentalmente polas queixas que veciños e veciñas nos trasladan, da ausencia nos últimos meses de mantemento real no coidado dos nosos barrios e parroquias.

O Sr. Alcalde acompañado dos seus concelleiros e concelleiras nos últimas semanas e nos últimos meses ven de dar moitos paseos, de visitar humanizacións que moitas veces son lavados de cara, como xa vimos dicindo, pero a realidade é que un goberno local ten que saber dar prioridades. O BNG ven repetindo que gobernar é dar prioridades e non é de recibo que mentres se anuncian e se fan paseos polas zonas que quedan bonitas, nos nosos barrios e parroquias hai un sen fin de queixas dadas polos propios veciños e veciñas que non son quen vostedes do solucionar.

Isto non o dicimos só dende o BNG, coido que foi o xoves pasado cando houbo que pasar pola vergoña de ter que celebrar o primeiro aniversario dunha focha nun barrio. Iso non pode ser. Non nos volve valer a desculpa de que se a estrada é da Deputación ou deixa de ser. Vostedes teñen que solucionar os problemas dos barrios e parroquias e logo evidentemente, e aí contarán tamén coa nosa axuda, reclamaremos á Deputación o que non fixo ou o que non está a facer na nosa cidade.

Parques que non se atenden, viais de barrios e parroquias que están dende hai

máis dun ano con auténticas fochas polo que é difícil transitar por eles, zonas que non se limpan, zonas onde a maleza invade beirarrúas que precisamente vostedes acaban de inaugurar. Podería seguir moito máis pero tampouco é cuestión de estenderse.

Se vostedes non saben onde están eses problemas polo deterioro de barrios e parroquias o Bloque Nacionalista Galego ofrecémonos a pasarllelos e darlles para que saiban onde teñen que arranxalos.

Están a poñer en marcha un plan municipal de emprego que é positivo, que o Bloque Nacionalista Galego insistiu en que se fixera e estase a facer e está a dar traballo a moitos traballadores e traballadoras, cousa que aplaudimos. Aproveiten tamén este plan de emprego municipal para dar resposta ás necesidades que hoxe teñen os nosos barrios e parroquias.

Por iso pedimos algo que realmente non teríamos que vir pedilo aquí, debería saír xa do que son as políticas en vías e obras e en fomento que un concello ten que facer de por si e non porque a oposición llo reclame. En primeiro lugar queremos instar ao goberno local a que elabore no prazo máximo dun mes un plan de traballo para acometer o mantemento e adecuación dos viais dos nosos barrios e parroquias.

Queremos tamén que se poña de novo en marcha a brigada de mantemento urxente do Casco Vello para acometer aqueles traballos urxentes de mantemento e reparación, que vostedes eliminaron e nunca máis se soubo e só hai que ver hoxe zonas do Casco Vello que se empezan xa deteriorar.

En terceiro lugar solicitamos a creación dun equipo ou brigada permanente que rote polos distintos barrios e parroquias da cidade co fin de atender as primeiras necesidades de mantemento.

Creemos que non son peticións que saian de madre, entre outras cousas porque logo dos millóns que vostedes levan gastados en humanizacións, non poden deixar aos barrios e parroquias desta cidade sen o debido mantemento e atención.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Chámame moito a atención esta moción porque este goberno está comprometido cos barrios e coas parroquias desta cidade, por iso incrementamos o orzamento en máis dun 20% no mantemento destas partidas: conservacións de viais, contrato de mantemento de vías, barreiras de seguridade,

supresión de barreiras arquitectónicas. Todas estas partidas incrementáronse nun 20% dende que está a gobernar a esquerda nesta cidade.

Tamén incrementamos o persoal que nestes momentos atende estas zonas. Incrementamos oito persoas no mantemento de viais; cinco peóns e tres oficiais *picheiros* que están a traballar por toda a cidade. Todo isto permitiu construír nas zonas urbanas máis de 4.604 metros cadrados de beirarrúas neste ano, máis de 995 metros cadrados de asfaltados, máis de 41.066 metros cadrados de arranxo de fochas.

Nas parroquias, unha das nosas prioridades, máis de sesenta e cinco camiños asfaltados que supoñen máis de catorce quilómetros, máis de 213 camiños nos que se arranxaron as fochas e 422 actuacións nas parroquias: gabias, taxeas, lavadoiros, muros, biondas, mórrons, beirarrúas, etc. Todas estas actuacións nun conxunto da cidade cada día máis renovada.

Un estudo realizado indícanos que as consecuencias das humanizacións destas rúas, que algúns queren chamar “lavado de cara”, significan o cambio do abastecemento, do saneamento, a separación de pluviais tan necesaria nesta cidade. Todo isto fai que teñamos non só un Vigo máis fermoso, senón que tamén teñamos unha cidade que teña menos avarías e que se produzanen menos fochas.

Hai poucas datas podíamos ler que “As humanizacións reducen nun centenar as roturas de canalizacións na nosa cidade” e isto só nun ano. Isto prodúcese porque se cambiaron as instalacións hidráulicas desta cidade onde viven o 33% da poboación.

Votaremos favorablemente a esta moción porque verdadeiramente o plan xa o temos feito e xa se está a actuar. Só hai que ir aos barrios e parroquias desta cidade. Por iso votaremos favorablemente, porque é verdade que temos un plan de traballo, é verdade que actuamos no Casco Vello, non só mantendo as infraestruturas actuais senón que estamos abrindo rúas novas no Casco Vello como podemos ver en Abeleira Menéndez. Unha brigada permanente nas parroquias da nosa cidade xa existe e non só iso, senón que tamén temos unha brigada de intervención rápida que todos podemos ver e que está solucionando os problemas dos veciños e veciñas.

Tamén lles digo que o que me sorprende é que o ano pasado, cando presentamos neste Pleno o orzamento municipal para o ano 2012, tiñamos máis dun millón e

medio de euros en partidas para parroquias. Este Pleno, a iniciativa dalgún dos grupos, fixo que esa partida se retirase. Xa quero anunciar hoxe que os orzamentos de 2013 incrementaran estas partidas nunha forma significativa para o mantemento dos nosos viais, barrios e parroquias e seguiremos actuando na cidade.

Obras coma as que estamos a facer neste momento na rúa Esperanto, na rúa Areal, no contorno da Travesía de Vigo, no calello da Travesía, en Pintor Colmeiro, en Ramón Nieto, na rúa Brasil, na rúa Nicaragua, na rúa Menéndez Pelayo, na rúa Doutor Marañón, na rúa Martínez Garrido, na rúa Aragón, en Mestres Goldar, en Bouzas, cando falamos de cascos históricos dúas actuacións tan importantes como as que están empezando neste momento. Todo iso gracias a que este goberno está comprometido coas parroquias, co rural e con toda a cidade porque para nós toda a cidade é igual e todas as vigueses e os vigueses son iguais, con independencia de que vivan no rural ou no centro.

O Partido Popular só quixo facer obras no centro da cidade.

A intervención do Sr. Regades Fernández foi interrompida en varias ocasións por berros de parte do público asistente no salón de Plenos tendo que pedir silencio a Presidencia repetidamente, parando uns minutos o desenvolvemento da sesión.

A PRESIDENCIA: Continuamos a sesión. Quenda do Grupo municipal Popular. Ten a palabra a Sra. Egerique Mosquera.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Bos días a todos e saúdos tamén para os alumnos da linguaxe de signos por parte de todos os membros do Pleno.

En primeiro lugar quero insistir en que agora mesmo a prioridade da cidade non é a de poñer lousas nas rúas; iso queda claro porque a maioría da Corporación Municipal así o pensamos e entón a maioría da cidade vai nesa liña, polo que deberían volver enfocar un pouco a política municipal, se é que hai política.

Con respecto aos puntos expostos na moción do BNG tamén imos votar a favor aos tres puntos por seren coherentes. En primeiro lugar porque no Grupo Popular recibimos a cotío veciños que insisten na non equidade do tratamento dos barrios da cidade polo que é necesario dedicarse ao mantemento e fixar zonas

fundamentais de arranxo da cidade. O Casco Vello ten que continuar coa axenda que comezou o Partido Popular cando gobernaba, asinando o Consorcio como foco de dinamización e zona emblemática da cidade. Claro que no Casco Vello non se poden poñer lousas nin se pode encher de bancos pero si que se pode tratar, non se pode escapar da política municipal.

O Partido Popular de Vigo, no terceiro punto do seu programa, levou un plan parroquias e un plan barrios que si deseñaba unha planificación da cidade e recoñecía as necesidades das parroquias e dos barrios para ter unha dinamización da cidade concreta, cada un coas súas necesidades e urxencias que precisaban e aínda seguen realizando un arranxo de fochas, como dicía o Sr. Domínguez. Coido que con isto Vigo parece a cidade máis ridícula de Galicia con este tipo de cousas.

Logo de cinco anos gobernando queda patente a ineficacia do goberno. Non imos falar de política porque vostedes no canto de falar de política fan *marketing*, pero nin sequera *marketing* político senón *marketing* comercial perfecto porque xeraron unha necesidade que non existía e que agora todos os vigueses queren: rúas e beirarrúas de granito e un banco diante da súa casa. Vostedes xeraron esa necesidade e agora teñen un problema porque co Plan E puxeron lousas nesta cidade con cartos públicos cun populismo algo cutre, se mo permiten, que si lles serviu para revalidar o goberno municipal pero a cidade está morta, os vigueses están crispados.

Levamos cinco anos sen ter unha política de activación, de que nos sintamos máis vigueses, de que poidamos ter turismo, deporte, cultura... Onde están esas políticas que fan de Vigo a cidade viva que é? O que fan vostedes non é humanizar, é desertizar Vigo. Fan grandes beirarrúas de granito, claro que baleiras porque a xente está metida na casa, apuntándose ás iniciativas privadas que son as únicas que hai neste momento que poden dinamizar á cidade.

Dende a oposición e os seus semi-socios de goberno estamos a dicirlles que administren ben, que dean prioridades. Dicímosllo en roldas de prensa e agora no Pleno municipal.

Esta moción ven a colación porque si que hai que dar prioridades. Permítanme que lles diga que esas cuñas tan maravillosas de *marketing* de “Vivimos nunha cidade fermosa”, teñen vostedes que lles engadir que vivimos nunha cidade fermosa pero neste momento triste, morta, unha cidade crispada, sen actividade, unha cidade

desencantada e chea de lousas. Esa é a cidade na que vivimos.

Ademais non manteñen o que xa estaba porque as obras que fixeron hai tres anos agora empezan ter bastantes carencias. Falamos outra vez de zonas que vostedes humanizaron e veña humanizar máis rúas, veña poñer granito e o exemplo máis claro témolo cos veciños de Teis que non quixeron o material que vostedes lles ofreceron e saíron á rúa con toda a razón do mundo porque todos os cidadáns de Vigo son iguais.

Ese *marketing* que lles serviu para gañar votos non é política porque a política é dar prioridades, é gobernar, é atender a todas as necesidades que ten esta cidade. Non é unha necesidades poñer granito e poñer lousas nas rúas.

Como ben expón a moción do BNG, unha brigada e iniciativas no Casco Vello que poidan blindar alí un foco que sexa unha base de riqueza para a cidade dende o punto de vista do turismo, da hostalería, da cultura, que son todos os aspectos que teñen vostedes abandonados, mesmo o deporte. Temos beirarrúas, lousas, esa política de *marketing* concreta, cunha marca que crearon vostedes coma é "Alcaldía", en lugar de humanizar que quere dicir facer máis humana a cidade. Parece que aquí non hai seres humanos, parece unha cidade pantasma coma alguén dixo. Temos grandes beirarrúas baleiras, unha cidade pantasma e en lugar de humanizar, desertizar, un Vigo totalmente illado, crispado e só sementado de granito.

Dende a oposición dicímoslles que por favor cambien un pouco as súas políticas e dean prioridades á hora de gobernar.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sra. representante do Partido Popular, estamos de acordo en que hai que dar prioridades; ogallá o Partido Popular dese prioridade ás persoas, á sanidade pública e ao ensino por riba dos banqueiros e dos especuladores. Iso si que tamén é dar prioridades.

En canto á moción, Sr. Regades, menos mal que vostede di que hai unha brigada rápida de intervención porque senón esa focha evidentemente non se arranxaría en menos de cinco anos.

Vostede fala moito de cifras e de máis cifras, de *marketing*, niso ten razón a Sra. Egerique, pero non sei se fóra dos ámbitos que vostedes humanizan visitan algún barrio ou algunha parroquia. Pero non se preocupe porque ao rematar o Pleno

voulle dar unha listaxe de cuestións que nos pasaron os veciños e que levan máis dun ano sen arranxar. Esa é a realidade.

Vostede contradíse nunha cousa, empeza a súa intervención dicindo que ten máis cartos ca nunca para mantemento de rúas e de viais; pois acaba de darnos unha conclusión: que non saben gastar os cartos, non os saben xestionar porque se nesta cidade os barrios e parroquias están sen atender e aínda por riba vostedes tiveron máis cartos, isto quere dicir que non os saben gastar.

Logo di que hai algunha forza política que lle pediu retirar certas partidas. Vostede anunciou algo que non o debería pasar tan á lixeira, acaba de dicir que nos orzamentos de 2013 vai haber unhas contías importantes de aumento para viais, etc. Isto non o debería facer porque lle repito que vostedes están en minoría e non teñen os orzamentos aprobados. Tamén eu lle quero anunciar que o BNG para dar os seus votos non lle vai permitir que siga dando prioridade ás lousas porque van ter que dar prioridade en emprego e en servizos sociais. Non faga anuncios que evidentemente logo non van poder levalos adiante.

Esta moción só ten un obxectivo. Vostede acaba de dicir que vai votar a favor; pois nos alegramos e queremos que dentro dun mes nos presenten ese plan de traballo, de axeitamento dos nosos barrios e parroquias e cando así o fagan e o cumbran, por suposto que lles aplaudiremos.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez, nos orzamentos que aprobe o goberno haberá unha partida incrementada para cumprir o que vostede está a pedir porque senón non se vai poder cumprir. Por tanto convén que o goberno nos orzamentos que aprobe incremente a partida para poder cumprir este plan tal como dixó o concelleiro de Fomento porque senón quedaría en papel mollado.

Durante o anterior debate óense constantes berros e asubíos proferidos por persoas do público que asiste á sesión plenaria.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar

a moción do voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, referida ao mantemento e adecuación dos viais da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (221) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO E Á XUNTA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A MODIFICACIÓN DO ART. 105 DA LEI HIPOTECARIA E O 693 DA LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL. EXPTE. 472/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio, número 472/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“A actual conxuntura económica e algunhas reformas do goberno do Partido Popular, como a reforma laboral, xerou a aparición de situacións familiares que non se poden tolerar nun Estado social e democrático: o desafiuzamento da propia vivenda habitual por unha situación sobrevida de falta de recursos económicos.

Esta circunstancia esténdese, nalgúns casos, a persoas do contorno familiar máis próximo -pais, irmáns, avós- que actuaron como avalistas nas operacións realizadas polos membros da súa familia.

A situación é, se cabe, aínda máis grave se temos en conta que a maioría das hipotecas foron negociadas na fase de bonanza económica do período 2004-2007, que precedeu á crise mundial iniciada en 2008 e na que era pouco probable un escenario de recesión como o que temos actualmente. Ademais, as condicións favorables sobre a contía e prazos negociados no seu día substituíronse por ríxidos condicionantes aplicados unilateralmente polas entidades bancarias.

A solución do Ministro Guindos e do Partido Popular foi a de aprobar un “Código de Conduta” para que as entidades bancarias se adheriran voluntariamente, sen establecer expresamente a obriga do facer naqueles casos nos que o propietario da vivenda acreditase a súa insolvencia sobrevida.

A inutilidade desta medida ponse de manifesto nos seus resultados pois apenas supuxo un 5% do total de execucións hipotecarias que, segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial derivados dos procesos por desafiuzamento presentados nos xulgados, realizáronse máis de 350.000 desafiuzamentos xudiciais en tres anos en toda España. Na Comunidade Autónoma de Galicia alcanzamos os 2.000 procedementos deste tipo no ano 2011 e deles 460 só no último trimestre dese ano.

Polo dito anteriormente, solicítase ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar a que os gobernos con competencias na materia e titulares de iniciativa lexislativa -gobierno de España e Xunta de Galicia- adopten as seguintes medidas:

1.- Que se modifique o artigo 105 da Lei Hipotecaria para engadir un novo parágrafo que sinalo o seguinte:

“Nos supostos de insolvencia sobrevida e de boa fe, como a derivada dunha situación de desemprego do debedor hipotecario, a dación en pago da vivenda habitual extinguirá a responsabilidade patrimonial”.

2.- Que se modifique a Lei de Axuizamento Civil para engadir un novo parágrafo 4 ao artigo 693 que sinalo o seguinte:

“Se o ben executado fose a vivenda habitual, o debedor poderá comparecer con anterioridade á realización da poxa solicitando a dación en pago do inmovible hipotecado como garantía da débeda. Neste caso o Tribunal ditará resolución autorizando a entrega e acordando a adxudicación do inmovible ao executante en pago do total da débeda garantida, extinguíndose a mesma xunto cos intereses e costas”.

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión de 21 de maio ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Presenta o Grupo municipal Socialista unha moción para atender a un problema que certamente afecta a toda a sociedade. Entre os principais problemas dos cidadáns está evidentemente o do emprego, os niveis de desemprego son históricos e as políticas do goberno central e a súa reforma laboral non están dando os resultados que se prevían nin moito menos.

O recorte dos dereitos sociais afecta gravemente ás economías familiares e a obstinación do goberno é regresiva para as clases populares. Non cabe dúbida de que a política do goberno do Sr. Rajoy conduce a unha fractura social cuxas consecuencias son difíciles de prever.

Un gran problema, quizais o segundo que teñen os cidadáns, é o problema da vivenda e dos desafiuzamentos. Este problema afecta a moitas familias no noso país, son moitas as familias afectadas pola situación das súas hipotecas. A banca amósase insensible ante esta situación e o código de conduta e boas prácticas do goberno central foi un fracaso.

Como consecuencia da situación que se está a producir e da discriminación que padecen algúns cidadáns, este grupo municipal presenta unha moción contundente en canto ás medidas que se deben adoptar. Para os cidadáns a perda dun ben coma a vivenda significa perder algo imprescindible para a autonomía familiar e persoal. En ocasións, moitas xa, á perda da vivenda engádese a perda de patrimonio porque aínda está pendente a débeda que teñen os cidadáns co banco. As situacións e as solucións que se presentaron por parte do goberno non chegan. Como dicía ao comezar estamos ante un problema social de primeira magnitude, xa afecta a unhas 400.000 persoas, tanto a titulares coma a familiares que compartiron cos titulares das vivendas este problema. É hora de que os partidos políticos e os poderes públicos demostramos sensibilidade e tomemos medidas concretas. É a hora de atallar este problema cunha medida contundente.

É neste sentido onde o Grupo municipal Socialista propón dúas medidas moi concretas que esperamos sexan aprobadas por unanimidade. A primeira é a Lei Hipotecaria que necesita que, no seu artigo 105, tal e como se di na nosa moción, teña un engadido que sinala que nos supostos de insolvencia sobrevida como consecuencia de desemprego, a dación en pago da vivenda habitual extinguirá a responsabilidade patrimonial.

É certo que os bancos están a ser rescatados, é certo que están a ser axudados polo goberno da nación por tanto tamén deben rescatar e deben axudar aos cidadáns que se atopan nesta situación. Por iso propoñemos estas dúas medidas que se atopan na moción, dúas modificacións legislativas que solucionarían os desafuzamentos, o problema dos cidadáns que se atopan nunha situación persoal, familiar e económica tan dramática.

É o momento de que as institucións tomemos posicións. Sres. do Partido Popular, non vale co código de conduta e co de boas prácticas porque demostrouse que isto é un fracaso.

Presentamos unha emenda que xa foi entregada aos grupos e á Presidencia para que, tendo en conta que tamén o aluguer é unha solución aos problemas dos cidadáns, propoñemos dúas medidas de adición: Unha que se estude a posibilidade de dar en aluguer a aqueles que non poidan pagar a hipoteca e que opten pola dación en pago e a outra para facer fronte á decisión que tomou a Xunta de Galicia, que por certo debería ser censurada por todos, de eliminar as axudas aos veciños

para afrontar hipotecas de vivenda protexida.

Este é un novo recorte e demostra a situación á que nos leva o Partido Popular.

A anterior intervención do Sr. López Font foi interrompida en varias ocasións polas voces proferidas por algunhas persoas presentes entre o público asistente á sesión.

SR. ALONSO PÉREZ: Hoxe ven de novo ao Pleno unha moción na defensa das persoas afectadas por débedas hipotecarias contraídas con bancos e con dificultades para lles facer fronte.

Para o BNG dar solución a esta situación que padecen milleiros de familias, é unha preocupación permanente e por iso temos presentado iniciativas en todas as institucións. Nestas iniciativas sempre propuxemos que se impulsasen reformas legislativas que permitisen a dación en pagamento como cancelación da totalidade da débeda hipotecaria, unha moratoria no pagamento dos prazos pactados acomodándoos á situación económica do debedor, a transformación da hipoteca nun contrato de aluguer con opción de compra ou a condonación parcial da débeda.

Tamén propuxemos vincular calquera axuda ou incentivo público ás entidades financeiras a que acepten un código de conduta sobre execucións hipotecarias, onde se comprometan a negociar cos debedores de boa fe que pasan por dificultades económicas e destinan o inmovible a residencia habitual. Unha moratoria do pagamento da débeda en función da evolución da situación económica do debedor.

Estas iniciativas que ten presentado o BNG foron por orde cronolóxica: no Parlamento Galego en febreiro de 2011, proposición non de lei onde o Parlamento Galego instaba á Xunta de Galicia a reclamar do goberno do Estado a modificación da Lei hipotecaria. Aprobouse por unanimidade.

No Concello de Vigo presentamos unha moción en abril de 2011 que defendeu a miña compañeira Sra. Veloso, que tamén se aprobou por unanimidade.

No Congreso dos Deputados fixemos unha proposición de lei o 14 de xuño de 2011, cando gobernaba o PSOE e o presidente era o Sr. Rodríguez Zapatero. A voceira do PSOE, Sra. Mario Fuentes, dixo no debate: “Non se poden cambiar as normas do xogo a metade do partido. A dación en pagamento é imposible. Estamos a crear

falsas expectativas cada vez que falamos deste tema". O PSOE e o PP votaron en contra.

Seguimos no Congreso. Outra proposición non de lei presentada o 27 de marzo de 2012. Vota en contra o PP, agora o PSOE non vota en contra porque xa non goberna, abstívose.

De novo no Parlamento Galego o 7 de maio de 2012, proposición de lei para a súa elevación ao Congreso dos Deputados. O PSOE vota a favor, o PP en contra.

Pódese ver a través destas iniciativas do BNG como o PSOE vota a favor cando non goberna no Estado e que o PP o ten claro: o Partido Popular goberna para a banca aínda que teña que sacrificar ás persoas. Saca normas cosméticas feitas á medida da banca sen ter en conta que foi a mesma banca que provocou a burbulla inmobiliaria, normas como o Real decreto lei 6/2012 de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios elaborada polo propio sector financeiro e que, como regula o artigo 5.1, é unha norma de aplicación voluntaria para as entidades de crédito. O Partido Popular teno claro, goberna para as entidades financeiras. Mentres condona 21.000 millóns de euros á banca nos orzamentos de 2013, continua a sacrificar ao pobo.

A Xunta acaba de eliminar as axudas aos veciños de Navia para afrontar hipotecas de vivenda protexida. O Partido Popular sobe impostos, cada vez máis desemprego, reformas laborais para facilitar despedidos, baixa de salarios... Con este panorama non é estraño que se segan repetindo situacións coma a do vigués Liandro que ten que pagar 250 euros ao mes ata o ano 2054.

O BNG teno claro: por coherencia sempre estaremos a carón do pobo e en contra da especulación da banca.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: A boas horas mangas verdes, Sr. Font. O que xerou a aparición de situacións familiares que non se poden tolerar foi a destrución económica de España durante os oito anos de goberno socialista. Que fixeron en oito anos? Por que non fixeron absolutamente nada? Preocúpanse agora pero, non había execucións hipotecarias en 2009, 2010, 2011?

É certo que a crise mundial comezou no ano 2008 pero a de España se adiantou ante a súa pasividade e irresponsabilidade ao ano 2007. Os únicos brotes verdes que acertaron a ver eran os das plantas da Moncloa e aínda así enganaron á

poboación para continuar coa burbulla inmobiliaria e rematar por destruír o modelo produtivo español no segundo mandato de Zapatero.

Ante a imposibilidade de continuar debido ás constantes interrupcións por parte do público asistente no salón do Pleno, sendo as dez horas e dez minutos, a Presidencia levanta a sesión durante quince minutos. Ás dez horas e vinte e seis minutos continúaase a sesión.

A PRESIDENCIA: Continuamos a sesión. Sr. Álvarez, quédanlle tres minutos e medio da súa intervención.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: A Lei hipotecaria de Solbes do 2 de marzo de 2007 é unha lei moi do seu estilo, non só non soluciona o problema senón que o incrementa. Crearon unha lei para que a xente sega a endebedarse. Soaralles as hipotecas inversas e demais instrumentos financeiros. O seu rexeitamento á dación en pagamento sempre foi tallante. Elena Salgado, vicepresidenta e ministra de Economía e Facenda, aseguraba no ano 2010: “Nun momento no que estamos reforzando o sistema financeiro non deben tomarse decisións deste tipo”. Que estaban reforzando?

Beatriz Corredor, secretaria de Estado para a Vivenda do PSOE dixo que a súa aprobación tería consecuencias dramáticas para o sistema financeiro porque encarecería o sistema e deixaría fóra do acceso á vivenda a moitas familias. En decembro de 2012 tombaron unha moción no Congreso para implantar a dación en pago e tres meses máis tarde, en febreiro de 2011, volven facer o mesmo.

En xullo de 2011 no Senado volven votar en contra da dación en pago. É dicir, non só non fixeron nada senón que puxeron de manifesto a súa intención de non o facer.

Para evidenciar a importancia que lle concedeu o goberno do PP a este tema en marzo, antes de que se cumpriran tres meses de goberno, apróbase o Real decreto 6/2012, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos que entrou en vigor o día 11 de marzo.

Para nós está moi claro o tema, é de extraordinaria urxencia. Pero, como xustifica que en oito anos de goberno socialista non fixeran nada, Sr. Font? Téñolle que

explicar que significa nada? Explíquelles aos aquí presentes que durante oito anos non fixeron nada. Perdón, mentiron, afundiron a economía...

O modelo de protección aplicado polo PP era en torno ao código de boas prácticas ao que xa se adheriron o 93% das entidades hipotecarias e que, unha vez feita esta adhesión, o seu cumprimento é obrigatorio e ten tres actuacións básicas cando se está dentro do albor da exclusión...

Sendo as dez horas e trinta minutos prodúcense alteracións no salón do Pleno e a Alcaldía-Presidencia, logo de reiteradas chamadas á orde, suspende a sesión e reúne á Xunta de Voceiros. Quedan pendentes os seguintes puntos da orde do día:

- 5.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO E Á XUNTA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A MODIFICACIÓN DO ART. 105 DA LEI HIPOTECARIA E O 693 DA LEI DE AXUIZAMENTO CIVIL. EXPTE. 472/1101
- 5.3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A SUBVENCIONAR AS ACTIVIDADES MUSICAIS DE VIGO NA MESMA CONTÍA QUE A REAL FILHARMONÍA E A ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA. EXPTE. 532/1101
- 5.4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A DEFENSA NO SEO DO CONSELLO EUROPEO DO MANTEMENTO DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA EUROPEO DE AXUDA ALIMENTARIA. EXPTE. 542/1101.
- 5.5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A RECONSIDERACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS SOBRE A REFORMA DA LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL. EXPTE. 540/1101.
- 5.6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A QUE INSTE AO GOBERNO ESTADO A INCLUSIÓN NOS CICLOS DE PRIMARIA E SECUNDARIA DE CONTIDOS OBRIGATORIOS SOBRE PRIMEIROS AUXILIOS, SEGURIDADE VIAL, AUTO PROTECCIÓN E EMERXENCIAS. EXPTE. 539/1101.
- 6.- ASUNTOS URXENTES.

PARTE DE CONTROL

- 1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.
 - 1.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.
 - 1.2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.
- 2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.
- 3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.
- 4.- MOCIÓNS.
 - 4.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO DE VIGO UN SISTEMA DE SINALIZACIÓN DEFINIDO. EXPTE. 538/1101.
 - 4.A. MOCIÓNS URXENTES
- 5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.
- 6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

O Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.